

PROVINCIA DA CRUNA MAIS DE 30.000 TRABALLADORES EN FOLGA.

Perspectivas

O "outono quente" non se fixo esperar. Empezou cedo e non í en Galicia, pódese decir.

Folga Xeral na construción en toda a provincia da Cruña ó longo de 4 semanas (o Ferrol xa leva un mes): E moi posible que remate istos días con milloras de 2.000 a 3.000 pts. de aumento salarial.

En Santiago, e na Cruña Capital, é a primeira gran folga xeral.

A opinión dos traballadores é de reintegrarse a pesares de non ter logrado todo o que se desexaba. O retorno ten que ser a nivel provincial e sin desbandada algunha: Coa victoria dos logros e coa victoria enorme dunha folga dunhas proporcións desconocidas desde a República.

Enlazando co fin da Folga da Construción principia a Folga Xeral do Metal, tamén provincial, tamén coa mesma unanimidade e extensión, tamén co mesmo desexo de victoria na base obrreira.

No Ferrol as empresas medianas e pequenas semellan igualar ás combativas folgas de Bazán e Astano.

O feito de que os protagonistas das folgas que comentamos señan sectores tradicionalmente atrasados do M.O. indica a profundidade da ola de fondo que atravesa iste outono de ofensiva de masas.

(a pág. 3)

a voz do pobo

proletarios de todo-los
países unídevos!



órgao do partido comunista de galicia

ANO VIII - Nº 12 - 26 de Setembro de 1976 - 10 pts.

A TABOIA REPRESENTARA A GALICIA EN VALENCIA.

A posición do CFPG, antiunitaria e aillacionista

A responsabilidade da representación de Galicia na xuntanza do día 25 en Valencia, entre os organismos da oposición de todo o Estado, recae na Táboa Democrática de Galicia, plataforma unitaria que si ben non é única, é a maioritaria (entre as forzas democráticas e entre as masas) e a máis antiga: recolle no seu seo a longa experiencia das Xuntas Democráticas.

A negativa do CFPG a acudir ó encontro de Valencia demostra a inmadurez deste organismo pra defender o interés de Galicia no momento político de hoxe.

O mal ambiente que topou a decisión do Consello entre os galegos que siguen as actividades da oposición, decisión dificilmente explicable e contraria a decisión da maioría das forzas que forman o Consello, encóntrase compensado coa asistencia da Táboa, plataforma especificamente galega que propón unha alternativa cara á ruptura democrática nin maximalista nin minimalista: axeitada a correlación de forzas presente en Galicia e no Estado.

UN ERRO HISTORICO

E imprescindible deixar claro o carácter aillacionista e antiunitario da decisión do CFPG.

POLA AUTODETERMINACION DE GALICIA,
¡ESTATUTO XA! (pág. 5)

Allacionista porque actúase como si Galicia estivese na Conchinchina, como si a conquista da democracia en España non fora connosco, como si o Goberno Galego poidera lograrse ó marge dos cataláns, vascos i españoles en xeral.

A dereita do Consell catalán non vai a Valencia porque ten a ilusión de negociar por separado, encabezados por Tarradellas, co Goberno Suárez o seu problema específico.

Si esa non é a intención declarada do C.F.P.G. ¿qué se pretende? ¿qué alternativa se propón?

O C.F.P.G. non propuxo ningunha alternativa.

Hai que decir todo o que constatamos de actitude irresponsable na decisión provocada polo PGSD e a UPG

Hai que decir que a defensa de Galicia, nestes casos, non se mira por ningún costado.

De pouco sirven os libros de historia si non se tiran enseñanzas deles. Os nacionalistas galegos de hoxe están a cometer o mesmo erro histórico que levou ós galeguistas do Pacto de Barantes a non estar presentes no Pacto de San Sebastián e a non ver que a loita pola autonomía e a federación pasaba pola loita pola República.

As consecuencias antiunitarias da actitude do C.F.P.G. están claras.

A nivel nacional galego impide que en Valencia estean presentes ambas as dúas plataformas, pretenden pódose así por obstáculos pra unidade plena da oposición galega.

A nivel de Estado da argumentos prós que poñen mala cara ante a perspeitiva dunha crecente cohesión entre as diversas instancias unitarias.

Cando todo o mundo sabe que o Goberno, e todas as forzas reaccionarias e centralistas, fan o posible e o imposible porque a oposición non se una, andan a vixiar calquer ruptura que poida aparecer en Coordinación Democrática (os organismos unitarios son máis estables do que moitos pensan: a polémica non equivale a ruptura como andan espallar algúns un día sí e outro tamén) ou entre ísta e outras forzas, hai que pensalo dúas veces antes de tomar unha iniciativa antiunitaria.

Quen se equivoca na definición da contradición rue hoxe está a primeiro plano, encontrándose coa desagradable sorpresa de facerlle o xogo ó nemigo principal.

O CONSELLO EN CRISE

O mal paso do Consello tivo certa resonancia.

A nota da AN-PG (UPG) chantaxeando ó Consello foi tiduada polo Ideal Gallego en primeira páxina como "CRISE NO NACIONALISMO GALEGO". A postura de non ir a Valencia foi valorada en Informaciones de Madrid por Víctor F. Freixanes como "CRISE DE FONDO NO CFPG".

A resolución de crise do CFPG nun senso ou noutro non é algo alleo as demais forzas da oposición. Interesa a todos. A cuestión está que si o resultado desta crise favorecerá ou non a creación do órgano único da oposición galega.

O achegamento, obxectivo e subxectivo, entre a maioría das forzas da Táboa e do Consello, patente na reunión do 4 en Madrid. A comprobación de que o teima do Estatuto do 36 non é o punto clave que se decía cara a nosa unidade, sinon, como queda claro agora, que hai posicións políticas a aclarar moito máis de fondo.

PARTIDO DE MASAS



-¡Escribiulle a seu hirmán decíndolle que quería entrar no PCG...!

PRENSA GALEGA E OPOSICION

A concencia de que a unidade -que medra en todo o Estado a pesares das dificultades- é inevitable e, en boa medida, xa irreversible, e que o único que están facendo algúns é retrasar o intre con creto da unión de toda a oposición galega, causando con este proceder un gran dano a Galicia.

Como non hai ben que por mal non veña, todo isto lévanos a conclusión de que a unidade galega pode estar máis cerca que nunca.

O PCG non ten como obxectivo "romper" o CFPG sinon que loita polo órgano único da oposición galega, que pasa hoxe polo fortalecemento a todos os niveis da TDG e, ¡que duda cabe!, pola evolución cara a posicións unitarias do CFPG, evolución que hoxe por hoxe topa coa hostilidade de dous dos seus compoñentes, (o Consello funciona por unanimidade en todas as decisións importantes).

Trátase de chegar, desde bases e órganos diferentes, á plataforma única que multiplique por mil a mobilización política nacional dos galegos, situándoa ó nivel dos cataláns, vascos e valenciáns.

A prensa galega terá que abrir a súas páxinas (como fai parte da madrileña, a catalana, etc.) as forzas da oposición galegas. É absurdo adicarlle máis espacio ó que pensa a oposición española que á política galega. Nesto os diarios galegos están aínda no franquismo. A discriminación e a falla de criterio está a orde do día. Cando se produce unha excepción: a sección "contraste de pareceres" no Ideal Gallego négase o dereito ós lectores de conocer todas as posturas, en concreto: o P. Comunista discriminado a priori.



MAIS DE 30.000 TRABALLADORES.... (da pág. 1)

O máis importante destas folgas é que as assembleas teñen decidido sempre. Nelas os traballadores están votando:

Ningunha timidez ou prevención cara ás folgas; retorno ó traballo con victorias reivindicativas e sin despidos ou detidos; folgas xerais inter-ramas de solidariedade en caso de necesidade; non abandonar as manifestacións na rúa como forma de loita e pra gañar o apoio do pobo; negociar en todo intre; nada de folgas indefinidas "hastra o último home".

As folgas de empresa, rama, de localidade, etc.; reivindicativas e solidarias; de contido parcial ou global e político; son

hoxe unha necesidade da clase obreira: pra facer frente a carestía da vida e demais consecuencias da crise e da política económica de reforma, e pra conducir o cambio político, pra garantir desde a rúa que o que vai triunfar neste país é unha democracia auténtica que non discrimine a clase obreira e ós seus partidos.

A presión das masas populares contra a política económica, de orde público e os plans globales da reforma culminará ou non na Folga Xeral política e na elección democrática nacional non porque o decida premeditadamente o P. Comunista ou outras forzas, sinon que dependerá:

- 1) dos resultados da negociación da oposición co Poder pra formación do Goberno Provisional; e
- 2) de que o proceso unitario das forzas da oposición vaia á par da mobilización das masas. Pode moi ben ocorrer que a Folga Xeral Política a "decrete" o Goberno si sigue a línea de Fuenterrabía, de conxelación salarial e de pechar as portas da negociación. O P.C. decidirá en cada intre de acordo co desexo das masas e as necesidades do paso pacífico á democracia; e en ningún caso promoverá accións de folgas non pacíficas.

Non hai Goberno Provisional e ruptura sin negociación, pero menos aínda sin o protagonismo decisivo do pobo na rúa.

BOS AIRES.

COORDINADORA DEMOCRATICA GALEGA

Os máis representativos guieiros da colectividade galega de Bos Aires acordaron constituir a Coordinadora Democrática Galega en coincidencia cos liñamentos das forzas democráticas de todos os pobos de España, de dentro e de fóra do chan peninsular.

O domicilio provisional da C.D. Galega é Quintino Bocayuba, 552- Buenos Aires, República Argentina.

O programa da C.D.G., que responde ó imperativo que nos impón o intre histórico que atravesamos Galicia, consta de 5 puntos:

1.-Reconquerimento de todos os dereitos e liber-

tades democráticas.

2.-Formación dunha Xunta Provisional de Goberno e vixencia do Estatuto.

3.-Amnistía xeral: legalización sin exclusión dos partidos políticos.

4.-Reconecemento da personalidade do pais galego i elección dunha Asamble Lexislativa Constituyente.

5.-Participación en plenitude das obrigas e dereitos coas demais nacionalidades na futura organización do Estado Federal Español.

Esta iniciativa dos emigrantes galegos na capital arxentina ten dúas

virtudes: é oportuna e responsable.

Oportuna porque vense constituir nun intre no que todos os esforzos son poucos pra conquistar a unión dos galegos e porque é un exemplo da importante aportación que os galegos fóra da terra poden dar no reconquerimento do Estatuto Galego e das liberdades democráticas.

Responsable porque, se cadra pola madureza que da o distancemento e a experiencia política, a C.D.G. non fai ningunha concesión no seu programa a maximalismos ou partidismos estreitos tan de moda na transición de hoxe da ditadura á democracia.

Agardamos que o paso dado polos galegos en Bos Aires seña seguido doutros semellantes noutros puntos de América, Europa e tamén do resto do Estado español.

AS HERMANDADES CONTRA A REFORMA

SINDICAL

Amparándose na liberdade sindical! os caciques máis mos das Hermandades decláranse en contra da reforma sindical do Goberno e falan de continuar nos seus postos de mando pasando a funcionarios públicos, cobrando igual as cuotas, mantendo o patrimonio (locales, almacenes graneros, silos, etc.) nas súas mans e, todo iso, recabando a "autonomía das Hermandades en relación, coidamos, co Sindicato Vertical en demoli-

ción.

O patrimonio das Hermandades ten que voltar ós seus donos: os campesiños e as suas organizacións democráticas. As Hermandades han desaparecer pra dar paso ó sindicalismo agrario democrático, unitario e independente. Pero non independente dos campesiños como pensan os burócratas falanxistas das Hermandades. Independente do Estado, dos caciques, das empresas monopolistas, dos partidos

políticos e da Igrexa.

As persoas representativas que teñen postos nos Cabildos e nas Cámaras Agrarias deben organizarse fóra do sindicato franquista e si de verdade teñen a confianza dos campesiños resultarán elexidos democraticamente, ocupando así o seu lugar de combate no movemento campesiño unitario.

CORRESPONSAL

PCG, GALICIA VENCERA

POLA AUTODETERMINACION DE GALICIA :

¡ ESTATUTO XA !

O Partido Comunista leva 55 anos, desde que se formou, loitando, cunha consecuencia que ningún historiador serio ten negado, polo renacemento do dereito de autodeterminación nacional pra Galicia, Euskadi e Catalunya.

Sólo algúns grupos nacionalistas poden afirmar cousa semellante, aínda que polo regular actuaron nese senso nun período de tempo máis curto pola falla de continuidade organizativa.

Agora ben, é unha tendencia xeral das forzas burguesas nacionalistas antepoñer o seu intrínseco nacional que dín defender : o caso Cambó e a Lliga Catalana é significativo. Sendo o principal beneficiado e culpable do centralismo ó gran capital, o intrínseco de clase do proletariado e do seu Partido Comunista coincide co interese das nacións asoballadas. Entre outras razóns, isto explica a fidelidade do Partido Comunista ó principio leninista do dereito de autodeterminación.

Prentender que o Partido de Dolores Ibarruri e Santiago Carrillo "abandonou" a loita polo dereito de autodeterminación, que tanto impulsou o Partido no tempo de José Díaz, é unha desas mentiras nas que non creen nin os mesmos que as espallan.

No período da II República é conocido coma os comunistas estiveron na vangarda da conquista

defensa dos Estatutos de Autonomía en Catalunya, Euskadi e Galicia.

Si o que contan son os feitos e non os disques que o PC ten unha longa historia como vangarda nacional dos pobos oprimidos polo tradicional absolutismo da clase dominante española.

¿Por qué Galicia coma nación ten dereito á súa autodeterminación?

Aínda que pra moitos traballadores a palabra no se explique por si mesma, corresponde en realidade a un principio muy sinxelo: a aplicación da democracia, en vez de ós individuos, ós pobos que o precisan pola súa situación.

Si unha persona ten dereito a expresarse, manifestarse e asociarse libremente, ¿non é xusto que Galicia, comunidade nacional teña dereito a manifestarse libremente encol da súa situación dentro do Estado Español?

A través dunha consulta popular, ou do Parlamento, os galegos tendrían que decidir entre as opcións que poideran presentarse, a súa relación co resto dos españois: seguir no centralismo, autonomía, federación ou independencia. Autodeterminación nacional quer decir logo que a nación poida determinar libremente o seu destino, sin trabas que impidan a propaganda por tal ou cal alternativa.

¿Cándo as nacionalidades españolas podrán facer

uso deste dereito inalienable?

No intre da ruptura non porque a autodeterminación é unha consigna da esquerda que non toparía o consenso das forzas democráticas en xeral, que toparía coa hostilidade de todo o bloque no poder, particularmente das FF.AA., cuio Alto Mando aceptaría uns rexímenes de autonomía que non poñen en cuestión a unidade do Estado : sempre que non lles quedara máis remedio por vir dunha imposición da realidade política da sociedade en movemento.

Ademais, no intre da ruptura non se vai a decidir a forma do Estado, vanse garantir unhas liberdades e ver de organizar unhas eleccións libres.

Tampouco os pobos poden sin un período de esclarecemento e de democracia situarse en condicións de decidir ceibemente.

O intre formal do uso do dereito de autodeterminación depende da correlación de forzas. Tanto pode darse ó remate do proceso constituínte coma despóis. Agora non é posible sabelo de seguro.

¿Cómo chegar a conquistar a autodeterminación nacional de Galicia?

Iste é o punto clave.

Hai quén declárase, varias veces ó día, partidario da autodeterminación, e non di nin unha sola palabra razoable sobre que camiño hai que seguir pra conquerila.

Uns non din nada axeitado porque non o saben, adícanse somentes ó activismo propagandista, non fan política seriamente, ou prefiren "quedar ben" aparentando ser "moi radic^{cales}" antes que comprometerse en igualdade cos de máis na transformación do presente.

Outros, porque en verdade nos lles interesa moito o tema. Falan de autodeterminación pero logo contentaríanse cunha saída que deixara como están os problemas das nacionalidades.

Os comunistas, e outras forzas políticas e sindicais, poñemos todo o acento en abrir as portas que nos levarán á meta da autodeterminación, non nos contentamos con chamar a elas, queremos a chave: o Estatuto de Autonomía desde o primeiro intre da ruptura.

A autonomía é o primeiro paso no proceso da autodeterminación da nosa nación, o eslabón decisivo que permitiranos tirar de toda a cadea e acadar mañán a plena liberación nacional e social de Galicia.


Clarexada a situación hai que decir que moi pouca quíña galeguidade pode caber nos gurpos que non contentos con negar o apoio á loita popular pola autonomía: lohegan a atacála!

Hai meses podíase decir que certa confusión e a falta de debate facía comprensible determinadas posicións sectarias. Hoxe xa non. Hoxe é inconcebi-

ble que haxe galegos na oposición -aínda que señan poucos, pro que imos decir da igual- que berren: "autodeterminación, Estatuto non". Polo visto pra eles o nemigo non é o Réxime centralista, !sinon o movemento obreiro e as forzas políticas que loitamos polo Estatuto!

Gostaríanos saber exactamente quen promovéu istas consiñas xa que nin o C.F.P.G. nin as propias AN-PGs plantean a autodeterminación, sin máis, como reivindicación inmediata fronte ó Estatuto.

O Estatuto é centro de ataques xustamente por ser a alternativa real que ce-



da día encarna con máis forza na sociedade galega. Conforme se desenvolve a Política galega -na presente situación os días valen por anos- resulta evidente que atacar ó Estatuto é atacar á causa nacional de Galicia hoxe, destrugando a credibilidade galega que poidan ter os promotores desta estreña guerra contra a meirande conculcanta nacional na historia de Galicia.

Basilio Rodas

DO CENTRO A DEREITA SIN MOVERSE DO SITIO

Por miles de millós de pesetas contratou Fraga cos Bancos pra organizar con Martínez Esteruelas, López Rodó, Gonzalo Fernández de la Mora, e outros polo estilo, un partido reaccionario como é debido.

"O futuro político é inconcebible sin Fraga", escribiu Ricardo de la Cier-

va. E ten razón. Sin xente coma Fraga, contrarios a democracia de toda a súa vida, dispostos a poñerse da banda que máis conveña ós amos; onte Fraga era "o centro", hoxe a "dereita-dereita", i eiquí non pasou nada. Normal. Quén manda manda e ponse como lle da a gana. Sin xente así, de-

ciámos, o futuro político é inconcebible... prá gran burguesía, pouco amiga de democracias.

Pró que se pretende non podían topar mellor executor. O señor Fraga é especialista en reformas pra impedir ou dificultar que os pobos podan exercer a democracia...

UN COLABORADOR

EL ESTATUTO DE GALICIA

(ACTAS Y DOCUMENTOS)

A BATALLA POLO PROPIO GOBERNO

O longo de 215 páxinas o lector vai conociendo as discusións nas Asambleas de Axuntamentos e no Comité Central da Autonomía entre os representantes das forzas políticas e sociais galegas, desde 1932 deica 1936, i encol do proxecto de Estatuto de Autonomía e da súa presentación ó plebiscito popular.

Pola magnitude histórica da batalla de Galicia polo Estatuto, magnitude da que eran conscentes os protaxistas, o material que nos ofrece a iniciativa de Baldomero Coreas e moi suxestivo xa que o tema do Estatuto do 36 reclama en grande medida a atención da opinión pública galega hoxe.

Unha constante das deliberacións -que eran transmitidas por radio a todo o pobo galego, incluídos os emigrantes en América- foi a valoración do Estatuto coma punto de coincidencia entre todos os galegos. A chamada á unidade galega estivo presente na loita pola Autonomía coma unha condición esencial. Mesmo as forzas de dereita, derro-

tadas nas eleccións de Febreiro do 36, non se opuxeron ó plebiscito do 28 de Xunio que, xusto é, hai que falar d'él coma dun extraordinario alarde da unidade nacional dos galegos, unidade que aínda hoxe non foi recompoñida.

Bótase de menos hastra o ano 36 a presenza dos partidos e sindicatos obreiros na dirección política dos esforzos de Galicia polo autogoberno. As reticencias do PSOE cara ó problema nacional de Galicia e o peso político aínda débil do noso Partido explican como a clase obreira non apareceu abertamente coma vanguardia nacional galega hastra a victoria electoral das esquerdas. Pola contra as Federacións das Sociedades Agrarias da provincia de Pontevedra e da comarca de Santiago, sí estiveron presentes.

Neste período e maioría dos protagonistas pertencían ós partidos republicáns con base na pequena e media burguesía. Destacando en todo o proceso estatutario pola súa función a-

rimadora a minoría do Partido Galeguista, dentro do cal hai que nomear a Alexandre Bóveda que xugou un papel de primeiro orde na victoria da nosa autonomía.

A partir do acceso ó poder do Frente Popular, este foi o eixo e a garantía do avance definitivo que fixo realidade o plebiscito que precedeu nuns días ó levantamento do 18 de Xullo.

O Partido estivo representado no C.C. de Autonomía polo camarada Modesto Pasin Noia.

Unha cuestión que deu lugar a unha polémica importante foi a capitalidade de Galicia. Os partidos presentaron unha enmienda, que foi aceptada, deixando a decisión nas mans da Asamblexa Lexislativa Constituínte Galega.

Entre os nomes das persoas que participaron nas xuntanzas pro-Estatuto atopamos a Valentín Paz-Andrade, Arturo Cuadrado, Manuel Iglesias Corral, Emilio González López e outros.

S.N.

O Ferrol

992 veciños de O Ferrol encabezados por Xulio Aneiros fixeron chegar a Suárez un escrito pedindo "o cese de calquer discriminación específica cara ó P. Comunista", apoiándose, coma exemplo, na suspensión do mítin do día 4 e da ce-

O PCG DISCRIMINADO

na-homaxe a Santiago Álvarez.

A prohibición das actividades públicas do PCG por parte do Goberno Suárez vólvese contra él.

Cada suspensión, prohi-

bición ou discriminación anticomunista é un golpe contra o tinglado reformista, un desmentido cotidián das intencións "democráticas" do Goberno da Monarquía.

O aumento das taxas

O derradeiro decreto do Goberno en materia educativa ten sido o aumento do pago, nun 300% con respecto as taxas do ano anterior, da matrícula na Universidade.

Con esta medida preténdese, según o Goberno, solucionar o problema económico da Universidade, mais na realidade as consecuencias son outras moi diferentes.

Por unha banda aumenta aínda máis o carácter clasi-sista e minoritario da universidade ao impedir o acceso á maioría da poboación, acentuando o carácter anacrónico desta institución que nos está preparada pra satisfacer as máis pequenas necesidades dunha sociedade moderna, e moito menos cumprir co seu papel histórico de reguladora dunha cultura ao servicio de todo o pobo.

Pero ademais de que o aumento non chega pra solucionar as máis pequenas deficiencias (xa que non supón nada pras necesidades que hoxe ten) da Universidade, o Goberno pensa que hoxe pódese solucionar o problema do ensino en xeral e da U. en concreto sin ter en conta os estamentos representativos desta institución (estudantes, PNN, PN, cátedras), nin os intereses da maior parte da sociedade. E decir, que desde unha oficina calcueira de Madrid sin importarlles pra nada as realidades das diferentes nacións do Estado, e tendo en conta os intereses dunha minoría que ven no ensino un gran negocio e non un ben

social ao servicio de todo o pobo, pódese argallar toda unha política educativa.

As penurias económicas que hoxe padecen as Universidades do Estado, a falla de medios e instalacións, obedecen a toda unha política de franquismo continuada agora pola monarquía que vai moito máis alá do que é a política educativa.

E por esto, que sólo a imposición dun sistema democrático, con liberdades políticas que reconozca aos estamentos representativos da U., que asegure unha profunda reforma fiscal que supoña os primeiros pasos pra o concuementado da gratuidade, pode crear o marco en que se desenrola a U. de novo tipo, dacordo cas necesidades reais que ten hoxe a sociedade.

Temos que decir que aínda que as circunstancias en que foi imposto o decreto (Agosto, cando non existe o movemento estudantil e a U. está pechada) colócanos nunha situación de inferioridade pra desenrolar esta loita, xa desde principios de Setembro se fixeron as primeiras asembleas por cidades pra tratar este problema, nas que se elixiu unha comisión (única representación que agora temos mentras non se elixan os novos representantes) que apoiada nun amplo movemento de masas leve adiante as negociacións coas autoridades académicas. Ademais temos prepara-

da a manifestación do día 19.

Mais temos que comprender o carácter desta loita, nós non imos sólo a negociar o aumento das taxas, nós imos a cuestionar toda a política educativa do franquismo, e a poñer no tapete a nosa participación nos órganos públicos da universidade. En definitiva, a xestión democrática.

Sólo unha organización de todos os estudantes (formada nesta loita) unitaria, asamblearia, representativa, pode levar a cabo esta tarefa, no proceso de ruptura na U. que supón nin máis nin menos que a participación do movemento nunha loita pola democracia, a beira dos diferentes movementos socio-políticos de masas que xa están loitando polas liberdades.

A Tareixa

CONTRA A
SUBA DAS
TASAS

-POR UN ENSINO GALEGO
DEMOCRÁTICO.
-CONTRA A CARESTIA
DA VIDA.

17 - octubre - 17

Festa de

“A VOZ DO POBO”



O 17 do mes que ven, está prevista, en París, a primeira festa popular galega ó redor de A Voz do Pobo.

A redación do xornal dos comunistas galegos desexa o meirande éxito a organización do PCG en París e saúda a todos os compatriotas que asistan a ela, e máis a todos os que o fagan por solidariedade coa causa nacional galega, coa promesa de redoblar, ás portas da democracia conquistada, a defensa das masas traballadoras no campo, na cidade, no mar e na emigración, e a loita pola unidade galega ó redor do logro do Estatuto de Autonomía, no viero da autodeterminación nacional e industrialización de poña fin a emigración.

As Festas de A Voz do Pobo, non ha de tardar moito, imos poder facelas na propia Galicia.

Dentro ou fora, han xogar un papel decisivo na transformación de A Voz do Pobo, nun semanario primeiro, e nun diario, galego i en galego, na legalidade democrática.

!Viva a voz do noso pobo!

== NOVAS DO PCG ==

O 12 deste mes tivo lugar en Vigo unha xuntanza de máis de 100 camaradas das empresas, ramas e localidades máis importantes de Galicia, pra discutir a liña a seguir polos traballadores comunistas no seo do Movemento Obreiro galego.

A reunión contou coa asistencia dunha delegación de 5 camaradas do Comité Executivo.

O debate centrouse no "outono quente", problema sindical, relación co movemento campesiño e mariñeiro, a problemática da muller traballadora e dos xó

venes, problema nacional e clase obreira galega, etc. Destacando nas intervencións diversos matices.

Logo dun resúmen provisional acordouse continuar discutindo nos diversos niveles do Partido deica sacar unha conclusión axeitada sobre dalgúns dos temas no próximo pleno ampliado do Comité Central.

(da páx.10)

do 72 foi unha folga necesaria pró avance da clase traballadora, algúns grupos políticos e membros da chamada "5ª Columna" sembraron a discordia -decindo que fora unha manobra do Partido Comunista pra asentir o Pacto pola Liberdade e demostrar a súa forza- pra despois decir "que foi unha folga revolucionaria".

!Así se escribe a historia! Por desgracia dentro da nosa clase aínda temos moito que descubrir e moita careta que sacar pra que vaimos adiantando!"

MANUEL LIMA TEJADA: "Na Folga do 72 non conseguimos moitas melloras económicas, pero sí unha gran victoria moral, desde o punto de vista político".

"Eu creo que o avance social e político dos traballadores é produto da loita constante dos traballadores alentada sempre polo Partido Comunista que soupo inculcar en nós o dito de que todas as melloiras témolas que alcanzar os traballadores, loitando tanto nas fábricas coma na rua".



O número de Setembre de A Nosa Voz, órgano da Comisión Obreira de Barreras, preséntase cun novo formato e con maior número de páxinas. Todo o que seña desenrolo de prensa obreira e popular galega conta co noso decidido apoio. Saúdamos os éxitos dos traballadores de Barreras nesta dirección, e permitímonos reproducir extractos da enquisa que fai A Nosa Voz entre os despedidos cuxa readmisión lográuse no pasado vrán.

Unha das preguntas é: "¿A folga do 72 foi perdida ou ganada pola clase obreira?"

No 4º aniversario da Folga de Setembre é moi interesante que señan os proprios represaliados (homes que foron despedidos, detidos, maltratados i estiveron meses, e máis anos, de desempregados ou subempleados) quenes fagan, coa obxetividade que dá o paso do tempo, o balance dos resultados.

Vexamos algunhas das respostas:

A Folga do 72

FALAN OS DESPEDIDOS DE BARRERAS

XOSE IGLESIAS FERNANDEZ: "Toda movilización de masas é un paso adiante do que poden estraerse esperencias notables cara ó futuro. Debido a ilegalidade oficial da folga, a súa gran amplitude de participación, resonancia, duración, etc., sería ilusorio pretender que non se tiveran producido baixas nas condicións políticas do 72. Xa que o que pretendían era o aniquilamento do Movimento Obreiro. Temos queda do persoas en seria dificultade, pero eso non querdecir que a acción teña sido perdida pola clase obreira".

XOSE RODRIGUEZ RAMOS: "Das tres folgas do 72 as dúas primeiras pareceron máis victoriosas, mais tamén considero que a de Setembre non se perdeu a pesar dos despedidos, xa que a clase obreira, e o resto do pobo de Galicia, deixaron ben clara a súa combatividade".

DANIEL RODRIGUEZ: "A Folga do 72 foi ganada a base de sacrificios e fame que temos pasado".

XESUS PEREZ ITALIANI: " A Folga do 72 foi un triunfo coma todas as que antes e despois levóu a cabo a clase obreira, xa que anque non se conseguiu a victoria total, hai que ter en conta que as guerras non se gañan cunha batalla. A victoria chega a alcanzarse cando a forza de conquistas parciais dominanse no

vas posicións e créanse condições óptimas pra victoria final. A clase obreira poderá falar de victoria total cando teña derrocado ó capitalismo".

XOSE CAMESELLE: "A Folga do 72 penso que foi ganada, anque ten a súa parte positiva e a súa parte negativa. A positiva foi conseguir 20 días de folga xeral e grandes movilizacións que serviron pra demostrar que coa clase obreira tamén había que contar e que xa non nos manexaban os caciques do Sindicato Vertical. A única arma que tivo o Goberno pra parar a Folga foron as grandes palizas que os "grises" deron na rua, a detención e persecución dos nosos dirixentes e o despido masivo dos compañeiros máis combativos: pareceme que esta foi a parte negativa".

XAVIER ALONSO SALGUEIRO: "A Folga do 72 non pode considerarse un fracaso polos despedidos, pois entón teríamos que calificar de fracasos casi a totalidade das folgas que se fixeron hastra agora. A loita, pra min, é algo que vai evolucionando. Sinon ocurriran as do 66 posiblemente non tiveran sucedido as do proceso de Burgos, as do 71 e 72, etc.; ou polo menos non terían ocorrido da mesma forma".

MANOLO CASTRO: "Cando se ten demostrado que a Folga

